

8 DE MARZO 2011

FAITE VER

**8 de marzo (1911- 2011).
cen anos de celebración**



Manifiesto 8 marzo 2011 **"FAITE VER"**

Material coeducativo

Información sobre o calendario
"Mulleres no tempo, tempo de
mulleres" e sobre as exposicións
que temos para Infantil, Primaria e
Secundaria

Colaboración

Recortes á igualdade, cuestión de
misoxinia

Marcha Mundial das Mulleres

Conclusións e retos da III Acción
Internacional

Se segregar é discriminas...é un "dereito" que se pode mercar?

Anteproxecto de Lei Integral
para a Igualdade de Trato e a non
Discriminación

De MEL e FEL

Para ver

- Vestido Nuevo
- Un sueño Imposible
- Mamás y Papás
- Vellas

Para ler

- Un día de Treboada
- A Piragua

Para escoitar

- Noente Paradise
- Soas Muller

Manifesto 8 de marzo de 2011

FAITE VER 8 DE MARZO

8 de marzo de 2011, cen anos despois daquela primeira celebración en Europa do Día Internacional da Muller en marzo de 1911, a proposta de Aleksandra Kollontai, segue pendente o obxectivo de visibilizar, de recuperar a historia das mulleres; segue pendente recoñecer, valorar e empoderar o papel das mulleres na sociedade. Se facemos un repaso do que sabemos da historia da humanidade observando os libros de historia, de ciencias, de filosofía..., danos a sensación de que as mulleres non existiron, de que se silenciou o seu relevante papel na política, na economía, na educación; danos a sensación de que non participaron na historia ou no mantemento da vida ou no benestar das persoas. Especialmente dramática foi a dobre invisibilidade das mulleres que non se axustaban ao modelo normativo heterosexual como lesbianas ou transgénero.

Hoxe, a pesar dos indubidábeis avances conseguidos na igualdade legal, séguese invisibilizando ás mulleres. Un exemplo claro é o traballo doméstico realizado fundamentalmente polas mulleres e que pasa á esfera da invisibilidade económica e do modelo produtivo: se os indicadores da macroeconomía contabilizasen esta achega das mulleres suporía máis do 25% do PIB. Se invisibiliza socialmente ás mulleres cando non se recoñece a importancia do traballo de coidados e reprodutivo. Se invisibiliza ás mulleres cando as institucións lexislan sen realizar os pertinentes informes de xénero. Se invisibiliza socialmente ás mulleres cando non se recoñecen os condicionantes culturais e sociais que impiden que as mulleres accedamos aos cargos públicos e aos postos de dirección en igual número que os homes. A invisibilidade é unha situación de discriminación provocada por séculos de cultura patriarcal e machista que hai que erradicar.

Neste 8 de marzo de 2011, as mulleres estamos a ser dobremente afectadas por unha crise sistémica que non provocamos e por uns proxectos de axuste que o Goberno impón para a resolver. Antes da crise, as mulleres xa padeciamos máis precariedade laboral, menor taxa de actividade, menores prestacións sociais e salarios máis baixos. Isto só pode explicarse porque o actual sistema capitalista fixo das mulleres o tipo de traballadoras idóneas para os seus intereses, é dicir, somos as traballadoras que producimos máis beneficio e ofrecemos máis flexibilidade e versatilidade no traballo. Coa escusa da crise o Goberno suprime organismos creados para o fomento da igualdade real, adíanse medidas acordadas para incrementar a corresponsabilidade, baixan os salarios, refórmase as pensións, recortase o investimento público nos sistemas de protección social... As consecuencias para as mulleres son inmediatas:

- Medra o traballo gratuito e invisíbel no fogar por causa dos recortes sociais.
- Medra o número de mulleres en sectores informais e feminizados da economía.
- Medra o número de mulleres sen posto fixo, mal pagadas, sen prestacións sociais, con emprego a tempo parcial, traballadoras a domicilio, subcontratadas etc.
- Se precariza o estado de benestar e estréganse as relacións persoais nas parellas.
- Incrementase a violencia machista, o acoso e a explotación sexual.

E...cando só levamos un mes de 2011, temos que lamentar o elevado número de 8 mulleres asasinadas por violencia machista en España.

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG apostamos, xa que logo, pola transformación do actual modelo socioeconómico, capitalista e patriarcal, que está a demostrar a súa incapacidade para dar resposta ás necesidades das persoas e á ancestral discriminación que sufrimos as mulleres.

Material coeducativo

Desde a Asemblea de Mulleres queremos contribuír coas nosas achegas á tarefa coeducadora que asume, desde o compromiso persoal coa igualdade, o profesorado de centros de educación Primaria e Secundaria por todo o país. Como todos os anos, tedes á vosa disposición na web as actividades do 25 de Novembro e do 8 de Marzo que realizamos para sensibilizar ao alumnado sobre a discriminación que sufrimos as mulleres. Este ano quixemos, ademais, dedicar un espazo especial ás mulleres emigrantes e a aquelas que viven en zonas de conflito.



SENEGALESA

Dedicámoslles, xa que logo, o calendario 2011 **Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo**, con textos da escritora asturiana Berta Piñán. Neles, cóntanos as historias de Belarmina, Irina, Jaya, Rosalba, Jashmine..., mulleres e nenas que viven entre nós logo de deixaren os seus países, ou que, vivindo onde naceron, debecen por cambios que melloren as súas vidas. A proposta de actividades relacionadas cos textos permiten abordar o fenómeno da emigración desde unha óptica que busca eliminar os prexuízos crecentes ao redor da mesma.

Podes contar tamén coas exposicións de Infantil, Primaria e Secundaria que nas nosas sedes temos para prestar a centros, coas que coñecer as achegas de numerosas mulleres ao longo da historia.



j a y a

COLABORACIÓN

Recortes á igualdade, cuestión de misoxinia

"A crise", parece un slogan publicitario destinado a nos vender, sen contestación, perda de dereitos e prestacións.

Ao abeiro dese lema, gobernantes de aquí e de alí suprimiron, "as cousas de mulleres" sempre secundarias e prescindibles: Ministerio de Igualdade e Servizo Galego de Igualdade (fornecendo ao poleiro machista).

Eliminación aquí dos Puntos de Información a Muller; a cancelación dos servizos "Kanguros", fumigado dos centros Quérote, do II Plan Galego de Inclusión Social, Paralización do programa ENTENDO.

Recortes e reducións orzamentarias relevantes:

- Alí: 83 millóns menos de euros (5%) á implantación da Lei de Dependencia; 11,5 millóns menos (12%) ao Plan Concertado (determina os cartos que as Autonomías dan aos Concellos para as axudas sociais).

- Aquí: Programa de Accións para a igualdade, protección e promoción da muller (32 millóns en 2009, 8,3 millóns en 2010 e 6,7 en 2011). Programa de apoio á conciliación da vida laboral e persoal (5 millóns no 2009, 1 millón en 2011).

A igualdade non existe. Segue sendo estrutural a discriminación das mulleres no mercado laboral. A súa inserción faise, ademais, coa sobrecarga do doméstico e responsabilidades familiares (crianza de fillas, fillos e persoas dependentes). Non é ocioso lembrar a maior taxa de desemprego, diferenzas salariais, maior precariedade...

E para guinda, as pensións. Quen vai conseguir 38,5 anos de cotización ininterrompida para se xubilarmos aos 65 co 100% das miserables pensións? E cos itinerarios irregulares das mulleres pola crianza de fillos, atención a dependentes, no servizo doméstico, traballadoras sexuais sen recoñecemento de dereitos, amas de casa... A risa, Non si?

Co obsesivo frear o déficit en troca de crear emprego e promover outro modelo de desenvolvemento, recortan igualdade e en igualdade, varean as persoas traballadoras en situacións máis precarias e cargan nas costas das mulleres, outra vez, o maior peso dunha crise que non provocaron. Mentres seguen financiando a igrexa católica, subvencionando a FAES, gastos militares, permitindo o inmenso fraude fiscal, a cativa tributación do capital. Promocionan a RED Madre con cartos da Consellería de Sanidade e da Deputación de Pontevedra e atrancan o dereito ao aborto ou diminúen nun 17,8% os investimentos aos plans de loita contra a violencia de xénero ou eses 108 postos de confianza contratados nas Consellerías que consumen -tamén en tempo de crise- 6,8 millóns de euros ao ano, pluses de altos cargos etc.

Por que estes si e programas de igualdade, axudas a dependencia, conciliación vida laboral, familiar... NON?

"Eles" procuraron a crise (a banca, o capital financeiro, a falta de límites políticos a especulación do capital, a burbulla inmobiliaria...) e agora impoñen as súas leis tirándonos dereitos e prestacións non para facer una sociedade mellor nin upar unha economía que satisfaga as necesidades básicas para o desenvolvemento humano, que é o que necesitamos.

Nanina Santos, do equipo de redacción da revista galega de pensamento feminista "Andaina"

MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES. CONCLUSIÓNS E RETOS DA III ACCIÓN INTERNACIONAL

Cando as mulleres da Marcha Mundial escollemos no VII Encontro Internacional, Vigo, 2008, á República Democrática do Congo para o peche da nosa III Acción Internacional, sabíamos da complexidade da acción, máis coma sempre, a realidade supera toda previsión. Preocupadas pola organización das viaxes e da seguridade das mulleres que nos íamos mobilizar; polos apoios que as mulleres do Congo precisaban, por limitar o número de delegadas que querían participar, etc., vímonos superadas, cando no mes de



setembro o número de mulleres inscritas na acción era de 3.000 e contando xornalistas, participantes na Feira de Soberanía Alimentar e observadoras, pasaban das 5.000.

A mobilización e o encontro fíxose na vila de Bukavu, (na rexión do sur-kivu) entre os días 14 e 17 de outubro. A delegación internacional estivo formada por 200 mulleres de 38 países, entre elas as tres delegadas de Galiza, as mulleres da diáspora congoleza que viven na actualidade en Bélxica, Gran Bretaña e Francia e as mulleres de organizacións aliadas da Marcha como son Vía Campesiña, Entrepobos e CADTM.

Paralelamente aos actos en Sud-Kivu, en Vigo desenvolveuse a acción nacional galega para pechar a III acción internacional da MMM. Os actos en Vigo estiveron centrados en catro exposicións e un Tribunal de Acusación no que se xulgaba simbolicamente a todos os responsables da guerra e dos conflitos



armados na RDC...

A día de hoxe seguimos avaliando a totalidade da experiencia. Temos moitas reflexións abertas sobre a relación do feminismo co antimilitarismo, co capitalismo disfrazado de crise económica, pero tamén estamos analizando a repercusión da acción

en si mesma: na Rexión dos Grandes Lagos reactivou o asociacionismo feminista e tamén xurdiron campañas estatais nos países da rexión contra o asasinato e violación de mulleres....

Tedes máis información en:

- <http://www.feminismo.info/webgalego/the-news/1-novas-coor-galiza/243-encerramento-da-3o-acom-internacional-bukabu-rd-congo-vigo-galiza.html>
- http://www.marchemondiale.org/index_html/es

SE SEGREGAR É DISCRIMINAR...É UN “DEREITO” QUE SE PODE MERCAR?

Segundo o recollido no **Anteproxecto de Lei Integral para a Igualdade de Trato e a non Discriminación** o goberno estatal prepara unha reforma do Decreto polo que se regula a concertación de centros privados con fondos públicos. Se ben é certo que son as comunidades autónomas con competencias educativas as que teñen a potestade para iso, o novo secretario de estado para educación recoñece que “é un asunto que vai estar na mesa de negociación” cos sindicatos representados na mesma.

Tras a sentenza do Tribunal Supremo en abril de 2008, que outorgaba ás diferentes Administracións Educativas a competencia para manter ou rescindir concertos aos centros que segregan ao alumnado en función do seu sexo, desde o STEG demandamos insistentemente ao goberno anterior que puxera fin a estes concertos. Logo de conseguilo, o novo goberno na Xunta renovou estes concertos, decisión contra a que presentamos no seu día un recurso en contra da actual Consellería de Educación. Comprácenos, xa que logo, que esta nova norma prohiba explicitamente que os centros que separan por razón de sexo reciban cartos públicos. Porén, na procura dun punto final efectivo aos concertos a centros que segregan por sexo, desde a Asemblea de Mulleres do STEG demandamos unha modificación da redacción proposta na Lei,

“En ningún caso os centros educativos que exclúan do ingreso nos mesmos aos grupos ou persoas individuais por razón dalgunha das causas establecidas nesta Lei, poderán acollerse a calquera forma de financiamento público”

substituíndoa por outra que non limite o alcance da discriminación ao proceso de matrícula. Tal e como ben recollido no anteproxecto, nada impide a centros “masculinos” e “femininos” unificarse formalmente a efectos legais e de matriculación do alumnado, persistindo sen embargo na segregación real do alumnado

en edificios e aulas diferentes, con actividades extraescolares, complementares... e mesmo con proxectos educativos segregados.

No suposto de que esta modificación se acepte, manifestamos o noso apoio a este aspecto da norma a aprobar, por supor un avance na loita contra o sexismo. Porén, non queremos deixar de demandar unha reflexión máis fonda sobre a obriga política de loitar contra a discriminación, con máis fincapé aínda cando esta afecta a menores. De recoñeceren coa nova lei, como semella que están a facer, que se trata dunha práctica discriminatoria, a obriga dun goberno é prohibir este tipo de centros (como fixo o goberno norteamericano durante case 40 anos, ata que George Bush mudou a lei), independentemente de que a situación económica da familia lles permita pagar centros que respondan a este ideario. Estamos a falar aquí do dereito das e dos menores a recibiren unha educación non discriminatoria, dereito que non pode ser conculcado en ningún caso.

Por que non a segregación por sexos nas aulas?

Resulta revelador analizar os argumentos esgrimidos para xustificar a segregación por sexos, xa que, como en moitas outras formas de discriminación sexual, atopámonos neste caso as mesmas vellas ideas de sempre defendidas agora con roupaxes máis “politicamente correctas”. Os mesmos colexios que defenderon durante anos a segregación por sexos do alumnado, por considerar inaceptable a convivencia diaria de nenas e nenos nos mesmos espazos, e que ao partir de que a finalidade da educación non era a mesma para ambos sexos, concluían que non podía selo a práctica, argumentan agora que a segregación sexual é sinónimo de mellor rendemento académico para os rapaces, e de maior participación e liderado para as rapazas, polo que a segregación sexual supón unha mellora da calidade educativa. Estes argumentos veñen apoiados, esgrimen,

por estudos provenientes dos sectores máis progresistas do ámbito da educación, que revelan como a escola tradicional axústase mellor á forma de aprendizaxe dos nenos que das nenas, ou como os rapaces reciben máis atención que as rapazas por parte do profesorado debido ás súas formas máis activas de comunicación.

Desde o STEG compartimos moitas destas análises, pero rexeitamos as propostas de solución que impliquen a segregación sexual nas aulas. Como sindicato que defende a coeducación, levamos anos denunciando a reprodución do sexismo a través da escola, pero consideramos que a eliminación do mesmo virá actuando sobre as disfuncións e diferenzas que se denuncian nas conclusións destes traballos de investigación, moitos deles obras de feministas. A ferramenta fundamental para a eliminar o sexismo na escola é formar ao profesorado para que sexamos conscientes de cómo, a través de prácticas que frecuentemente percibimos como neutrais, reproducimos e lexitimamos o sexismo que permea todos os ámbitos da nosa sociedade. E de paso, modificar currículos, materiais educativos, reparto de espazos e tempos. En ningún caso apoiamos unha escola de costas á sociedade, na que se busque o rendemento académico á marxe do desenvolvemento integral de todas as capacidades humanas do noso alumnado. E consideramos que a capacidade primeira a desenvolver nunha escola coeducativa, é a de aprender a convivir nenas e nenos, mulleres e homes, sen o sexismo que caracteriza á nosa sociedade. E esta capacidade, como as demais, desenvolverase exercitándoa, non creando situacións artificiais que en vez de resolver o problema, agóchano. Por iso denunciaremos o cinismo de quen, non vendo ningún problema de sexismo na sociedade, preocupábase “da falta de liderado das rapazas nas aulas”, e distanciámonos daquelas posturas que, partindo dun xenuíno interese pola igualdade de oportunidades entre nenas e nenos, cren atopar na segregación nas aulas unha ferramenta de “innovación pedagóxica”. Resulta desconcertante determinar que ten de “innovador” un modelo educativo que non é capaz de crear nas aulas o que desexamos para a sociedade.

DE MEL

- Máis de 350 participantes de diversos países reuníronse na I Conferencia Mundial de Mulleres na Educación en Bangkok, do 20 ao 23 de xaneiro deste ano, co obxectivo de crear unha rede global que garanta o acceso á educación para as mulleres e nenas de todo o mundo. Recoñécese así o labor fundamental que ten a educación no camiño cara a igualdade entre mulleres e homes.

- Dúas comunidades de Afar (Etiopía) prohiben a ablación feminina con, logo de dez anos de presións por parte de ONGs e axencias de Nacións Unidas. Non podemos deixar de celebrar os pasos dados nesta rexión, na que o 91% das mulleres foron sometidas a mutilación xenital.

E FEL

DESAPARICIÓN DO MINISTERIO DE IGUALDADE

No 2008 creouse o Ministerio de Igualdade debido, entre outras cousas, ao convencemento da necesidade de romper o chamado "teito de cristal". As feministas aplaudimos esta iniciativa, en canto que consideramos necesaria a loita pola igualdade entre homes e mulleres, tamén no máis alto nivel institucional.

Naceu para traballar naquelas políticas que teñen que ver directamente coa igualdade de oportunidades, coa paridade, coa corresponsabilidade e a equidade, xa que as mulleres temos que estar nas políticas activas para conseguilo.

Coa escusa da crise económica sufrimos unha serie de retrocesos en políticas sociais que supoñen axustes e medidas deste tipo. Entre outras: a desaparición deste Ministerio de Igualdade, organismos autonómicos de Igualdade en Castela - A Mancha, Murcia e Galiza, peche das oficinas comarcais da rede I+B...o que, paradoxalmente, afonda máis na desigualdade. Envíase unha mensaxe á sociedade de que a igualdade non é prioritaria, non é tan necesaria, que non é preciso garantir de xeito efectivo a igualdade de oportunidades a toda a cidadanía, incluídas as mulleres, para poder avanzar cara un cambio no modelo produtivo e de sociedade máis xusta e solidaria.

Para ler...

Un día de treboada

María de Mata. Ilustracións de Mariana Riestra.

Col. Contos da igualdade, 1. A Coruña, 2006.

Unha terrible treboada ameaza unha aldea da Terra Chá e isto suporía perder a colleita. A intervención da nai de Aldara, protagonista da historia, será decisiva para salvar a situación e dará lugar a importantes cambios nas relacións entre as/os súas/seus habitantes.

Este conto está enmarcado na colección Contos da Igualdade, cos que se pretende romper a tendencia dos contos infantís a asignar roles estereotipados a nenos e nenas.

É unha mensaxe sobre a igualdade que se acompaña dun DVD (no que se conta a historia ante un grupo de nenos/as) e dunhas actividades para desenvolver polas alumnas e alumnos dos primeiros cursos de Primaria.



A Piragua

Cándido Pazó

Laiovento

Cándido Pazó, nesta obra teatral premiada e con grande éxito de público na súa primeira xira galega, dálle voz ás vítimas da violencia machista. Mestura momentos divertidos con dramáticos, conseguindo pincelar de humor un tema tan trágico e brutal.

"A piragua" pon ao descuberto unha historia de malos tratos e menosprezos constantes, que non se ve porque non fai ruído, no ámbito familiar de Rosa, que descubre que a vida pode ser outra cousa e comeza a soñar con vivir por ela mesma. A obra parte dunha xuntanza da comunidade de veciños, na que un propietario protesta porque unha piragua ocupa unha praza de garaxe; no desenvolvemento deste enredo vaise descubrindo a situación de violencia doméstica da veciña. "O problema vai facéndose notar e a personaxe de Rosa vai experimentando ao longo da montaxe un proceso de visibilización por mor da nova actitude da vítima", explica o autor.



Para ver...

Aproveitando os novos recursos que nos facilita a rede, as curtas son unha ferramenta didáctica que nos permite visualizar e traballar unha proposta audiovisual na mesma sesión.

Nesta edición propoñemos cinco curtas coas que traballar a coeducación tendo como base diferentes realidades. Son facilmente adaptables as distintas idades do noso alumnado segundo o grao de profundidade con que queiramos e/ou poidamos tratar os temas. Que as disfrutedes!!!

Vestido nuevo, de Sergi Pérez López (parte 1 e 2)

<http://www.youtube.com/watch?v=mptS0yC50HU>, sobre a homosexualidade na escola.

Un sueño imposible

<http://www.youtube.com/watch?v=4UvE-zIsRYg>, coeducación e igualdade de xénero.



Mamás y papás (saladeproyeccion.blogspot.com)

<http://www.youtube.com/watch?v=0Y1yf1R9K5s>, sobre a violencia machista.



Sorkunde <http://www.youtube.com/watch?v=iljZgz7tlzs>, sobre a corresponsabilidade.



Vellas, de Carlos Prado Pampín

<http://www.youtube.com/watch?v=vbjlSi5stAc>, o amor, a paixón ou o sexo, non teñen idade.



Para escoitar...

Noente Paradise - Poemas e Canções de Ugía Pedreira

"Noente é um brinquedo sem baterias nem pilhas. Ele, pode prender lume em qualquer momento"



Soas Muller - Cristina Pato e Rosa Cedrón.

Un canto ao amor, ao desamor, á muller, á literatura galega e a nosa música.

